



# SITUACIÓN SOCIOLABORAL DA MULLER EN GALICIA

8 DE MARZO DE 2020

## ÍNDICE

Introdución	2
Ano 2019 e a incorporación das mulleres ao mercado laboral dista moito da dos homes	4
A segregación ocupacional horizontal e vertical segue a caracterizar o emprego das mulleres	7
Formación e ocupación	11
A inestabilidade laboral dificulta o mantemento do emprego nas mulleres	12
Conciliación e corresponsabilidade	16
Resumo e conclusións	18

## INTRODUCCIÓN

Un ano máis, ante a celebración do Día Internacional da Muller, desde UGT-Galicia facemos balance da situación das mulleres no emprego, reiterando o noso firme compromiso de continuar loitando pola consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A igualdade, ademais de ser un dereito fundamental e unha cuestión de xustiza, constitúe unha necesidade social e da nosa economía. A igualdade é imprescindible para que as empresas en España sexan competitivas; un modelo de competitividade baseado na calidade dos produtos e os servizos non é posible sen igualdade real entre mulleres e homes nos centros de traballo.

A pesar da normativa coa que contamos en materia de igualdade de xénero no ámbito laboral, as mulleres seguen accedendo ao mercado laboral en peores condicións que os homes, promocionan menos a postos de responsabilidade, reciben salarios máis baixos, contan cunha protección social desigual e seguen asumindo maioritariamente as responsabilidades familiares en detrimento de as súas carreiras profesionais.

O balance de 2019, tras un ano desde a última análise de datos sobre o emprego das mulleres, realizado con motivo do 8 de marzo, segue constatando como o mercado laboral feminino caracterízase por ter unhas peores condicións que o masculino en todas as súas variables.

En canto á asunción de responsabilidades familiares, as traballadoras seguen sendo unha abafadora maioría nos permisos non retribuídos, como as excedencias, mentres que a presenza dos homes nos permisos retribuídos experimenta un claro ascenso.

En retribucións, a brecha segue sendo moi alta e aínda que os últimos datos oficiais dos que se dispón, que son de 2017, reflicten que a brecha se reduce respecto de 2016 (tan só en 0,4 puntos), situándose no 22,6%, aínda segue sendo superior á que existía no ano 2010% (21,8%).

O retroceso sufrido en igualdade de xénero na última década e a lentitude dos avances cando estes prodúcense, fan cada vez máis intolerable a situación de discriminación e desigualdade que sofren as mulleres inxustamente. As recentes disposicións adoptadas pola Real Decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, melloran importantes aspectos normativos da lexislación de igualdade de xénero no ámbito laboral, pero resultan insuficientes se non se acompañan dun adecuado desenvolvemento regulamentario e doutras medidas adicionais, imprescindibles para lograr resultados eficaces e efectivos na consecución da igualdade de xénero.

É necesario lograr un incremento substancial do emprego das mulleres e que sexa un emprego de calidade, eliminado os elementos de precariedade e infravaloración que caracterizan o emprego feminino, así como a segregación ocupacional, as dificultades na promoción profesional e o acceso a postos de responsabilidade, as desigualdades salariais e as deficiencias no reparto da atención das responsabilidades familiares.

É necesario abordar o desenvolvemento regulamentario da normativa laboral en materia de igualdade de xénero, derrogar a reforma laboral e recuperar o espazo perdido da negociación colectiva, así como adoptar medidas que faciliten e fagan posible a aplicación efectiva da normativa laboral en materia de igualdade de xénero e de forma específica a adopción dunha Lei de igualdade Salarial.

En materia de corresponsabilidade é tamén necesario contar con permisos retribuídos para o coidado familiar, de carácter individual e intransferibles, para evitar o abandono temporal do emprego ou a renuncia involuntaria a unha promoción profesional para as mulleres, por dedicarse ao coidado de familiares, xa sexan fillos ou fillas, ascendentes ou outros familiares.

Por iso é urxente e necesario:

- Facer efectivo o diálogo social e impulsar a negociación colectiva, incrementar as políticas activas de emprego, adoptar medidas complementarias que faciliten e fagan posible a negociación e adopción de plans de igualdade nas empresas, así como a adopción de medidas de acción positiva dirixidas a eliminar a discriminación e a desigualdade no emprego e na protección social.
- Aprobar unha lei de igualdade salarial que contribúa de forma eficaz a combater a brecha salarial, eliminando a discriminación retributiva entre homes e mulleres e na protección social.
- Reforzar e garantir os instrumentos e recursos de vixilancia, control e sanción da Autoridade Laboral para o cumprimento efectivo do principio de igualdade no ámbito laboral.
- Seguir avanzando na corresponsabilidade entre mulleres e homes e o Estado, que fagan posible a compatibilización do traballo e os coidados sen efectos negativos para as mulleres. Entre outras medidas, entendemos que se debe levar a cabo canto antes a transposición da Directiva 2019/1158, do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de xuño de 2019, relativa á conciliación da vida familiar e vida profesional das persoas proxenitoras e as coidadoras, sen esperar o prazo de 3 anos, (agosto 2022) que establece o texto comunitario, cuxo obxectivo é aumentar o número de mulleres que se incorporan ao mercado laboral, aumentar a frecuencia coa que os homes se acollen a permisos relacionados coa familia e a fórmulas de traballo flexible e brindar aos traballadores e traballadoras a posibilidade de obter un permiso para coidar de familiares que necesitan axuda.
- Poñer en marcha un modelo educativo igualitario e fortalecer os servizos públicos, especialmente en Educación, Sanidade e Servizos Sociais, así como garantir a existencia e viabilidade de infraestruturas públicas para a atención e coidados de calidade, gratuítos ou alcanzables e adecuados, de nenos e nenas, especialmente menores de 0 a 3 anos e de persoas maiores e/ou en situación de dependencia.

## ANO 2019 E A INCORPORACIÓN DAS MULLERES AO MERCADO LABORAL DISTA MOITO DA DOS HOMES

O mercado laboral feminino segue a manifestar peores condicións que o masculino en todas as súas variables

Poboación de 16 e máis anos por sexo, e relación coa actividade económica. Galicia.

	Homes	Mulleres	Diferenza Mulleres s/ Homes	% Mulleres
Total	1.116.600	1.218.700	102.100	52,19
Poboación activa	643.000	598.000	-45.000	48,19
Poboación ocupada	573.900	521.200	-52.700	47,59
Poboación parada	69.100	76.800	7.700	52,64
Poboación inactiva	473.600	620.600	147.000	56,72

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2019 Poboación ocupada

A pesar da progresiva incorporación da muller ao mercado de traballo seguen persistindo fortes diferenzas por xénero. No ano 2019 aínda que hai 1.218.700 mulleres de 16 e máis anos fronte a 1.116.600 homes (102.100 mulleres máis), é superior a poboación activa masculina (643.000 homes) que a feminina (598.000) polo que hai 45.000 mulleres activas menos.

En canto á poboación ocupada obsérvase como tamén existen grandes diferenzas por sexos, xa que hai 52.700 homes máis ocupados que mulleres. Se analizamos o número de persoas que se atopan en situación de desemprego hai 7.700 homes menos e tamén no referente á poboación inactiva (que nin traballa nin está buscando un traballo), as diferenzas volven a constatarase, prexudicando de novo ás mulleres, con 147.000 inactivas máis.

A taxa de actividade feminina sitúase 8,5 puntos por debaixo da masculina (ampliando o diferencial con respecto ao ano anterior, no que se situaba en 8,1).

### Poboación activa

	Total	Homes	Mulleres	Diferenza Mulleres/Homes
Poboación activa	1.241.100	643.000	598.000	-45.000
Taxa actividade	53,1	57,6	49,1	8,5

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2019 Poboación de 16 e máis anos

Segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa (en diante, EPA) do ano 2019 (media anual) do Instituto Galego de Estatística a poboación activa feminina é inferior á masculina en 45.000 persoas. A taxa de actividade feminina é 8,5 puntos inferior á masculina.

A taxa de actividade das mulleres galegas sitúase 4,2 puntos por debaixo da media estatal (aumenta a brecha xa que no ano anterior era 3,7). Galicia, tras Asturias e Estremadura, reflicte a menor taxa do Estado.

**Taxas de actividade feminina por comunidades autónomas.**

	2019
Total Nacional	<b>53,3</b>
Andalucía	50,4
Aragón	53,2
Asturias	46,9
Baleares	59,4
Canarias	55,2
Cantabria	49,3
Castela e León	49,1
Castela – A Mancha	51,5
Cataluña	57,0
Comunidade Valenciana	52,1
Estremadura	49,0
Galicia	<b>49,1</b>
Madrid	58,4
Murcia	51,9
Navarra	53,9
País Vasco	52,1
Rioxa, A	55,0

Fonte: Enquisa de Poboación Activa- INE

Se comparamos a taxa de actividade feminina galega ca da media estatal, compróbase no ano 2019 un diferencial de 4,2 puntos porcentuais a favor do Estado.

Con respecto ás restantes comunidades autónomas constátase que Galicia dista considerablemente das taxas de actividade doutros contextos, sendo tan só en Asturias e Estremadura inferior á galega. O maior diferencial atópase respecto de Baleares, Madrid e Cataluña, cunhas taxas de actividade de 59,4%, 58,4% e 57%, respectivamente, fronte ao 49,1% en Galicia.

**A ocupación das mulleres é inferior á dos homes en 52.700 persoas, e a brecha das taxas de emprego é de 8,6 puntos (8,1 en 2018)**

**Poboación ocupada**

	Total	Homes	Mulleres	Diferenza Mulleres/Homes
Poboación ocupada	1.095.200	573.900	521.200	-52.700
Taxa de emprego	46,9	51,4	42,8	-8,6

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2019 Poboación ocupada

Hai segundo os datos da EPA en Galicia un total de 521.200 mulleres ocupadas fronte a 573.900 homes, é dicir son 52.700 mulleres ocupadas menos que homes. De cada cen persoas ocupadas, menos da metade, o 47,6%, son mulleres.

Se temos en conta a Poboación de 16 e máis anos, hai 1.218.700 mulleres e 1.116.600 homes, é dicir, o 52,2% son mulleres, polo que son máis pero en relación ao emprego teñen menores oportunidades. En relación á taxa de emprego, Galicia segue moi lonxe dos obxectivos de Europa 2020 que establece un 75% de ocupación tanto para homes como para mulleres. En Galicia a taxa de emprego dos homes é do 51,4% e a das mulleres do 42,8%, cunha brecha entre ambas de 8,6 puntos.

### Onde si existe unha taxa superior para as mulleres, é no desemprego, 2,1 puntos superior á masculina

#### Taxas de actividade, emprego e paro por sexos. Galicia

	2018		2019		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Diferenza M/H
Taxa de actividade	57,5	49,4	57,6	49,1	-8,5
Taxa de ocupación	50,4	42,3	51,4	42,8	-8,6
Taxa de paro	12,4	14,4	10,7	12,8	2,1

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2019.

No ano 2019 a taxa de paro feminino segue a distanciarse da masculina (2 puntos en 2018 e 2,1 en 2019). Trala equiparación das taxas de paro entre ambos sexos por mor da crise, volve darse o tradicional diferencial entre elas, polo que de novo se constata a maior dificultade para o acceso ao mercado laboral no caso das mulleres, enfrontándose a maiores niveis de desemprego.

Sen ter en conta ás persoas retiradas, xubiladas e pensionistas a maior parte das mulleres inactivas o son por dedicarse a labores do fogar. As mulleres son o 56,7 por cento das persoas inactivas, acadando no caso das persoas inactivas por clase de inactividade “Labores do fogar” un 85,8%

#### Poboación inactiva por clase principal de inactividade, sexo

	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres s/ Total
Total	1.094.200	473.600	620.600	56,7
Estudantes	152.800	72.500	80.300	52,6
Persoas retiradas, xubiladas e pensionistas	632.200	310.900	321.300	50,8
Labores da casa	197.800	28.100	169.700	85,8
Outros	99.800	54.800	45.000	45,1
Non sabe. Non refire estado de inactividade	11.700	7.300	4.300	36,8

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2019.

Hai 473.600 homes inactivos fronte a 620.600 mulleres inactivas, hai 147.000 mulleres inactivas máis que homes e hai diferentes motivos de inactividades para eles e elas.

Mentres que a maior parte dos homes inactivos o son por estar “Retirados, xubilados e pensionistas”. No caso das mulleres aínda que esta tamén é a principal causa séguelle de cerca cun número considerable de mulleres inactivas as “Labores de fogar”, ou sexa coidar do fogar e da familia sen ningún tipo de remuneración, un traballo duro e invisibilizado.

### Poboación inactiva por sexo e motivo de non buscar emprego. Galicia

	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres s/ Total
Total	1.094.200	473.600	620.600	56,7
Cree que non o vai atopar	16.400	6.200	10.100	61,6
Está afectado/a por unha regulación de emprego	700	500	100	14,3
Por enfermidade ou incapacidade propia	122.300	67.300	55.000	45,0
Coidado de nenos/as ou de persoas adultas enfermas, discapacitadas ou maiores	36.700	4.200	32.500	88,6
Ten outras responsabilidades familiares ou persoais	53.600	5.300	48.200	89,9
Está cursando estudos ou recibindo formación	145.900	70.800	75.100	51,5
Está xubilado/a	270.500	162.500	108.000	39,9
Outras razóns	90.000	15.000	75.000	83,3
Non sabe	1.300	700	600	46,2
Non aplicable	357.000	141.100	216.000	60,5

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2019.

Se analizamos o motivo polo que non buscan emprego as mulleres inactivas, obsérvase como os coidados seguen a representar grandes diferenzas respecto aos homes, xa que as que non o buscan polo “Coidado de neno/as, persoas adultas enfermas, discapacitadas ou maiores” o 88,6% son mulleres, e tamén no motivo de “Ter outras responsabilidades familiares ou persoais” as mulleres representan o 89,9% do total. Polo que estes datos seguen poñendo en evidencia que a asunción das responsabilidades familiares é maioritariamente feminina.

O desánimo tamén ten rostro feminino, xa que de todas as persoas que indican que non buscan emprego por “Crer que non o van atopar” hai 10.100 mulleres e 6.200 homes, o 61,6% do total deste motivo son mulleres. As maiores dificultades para atopar e manterse no mercado laboral fan que haxa máis desánimo no caso das mulleres.

### A SEGREGACIÓN OCUPACIONAL HORIZONTAL E VERTICAL SEGUE A CARACTERIZAR O EMPREGO DAS MULLERES

A forte segregación ocupacional por sexos é unha das características do mercado de traballo en Galicia. Segundo os últimos datos da EPA, 440.600 mulleres atópanse ocupadas no sector Servizos, o que implica o 56,6% do total de ocupación no sector. En Agricultura, gandería, caza e silvicultura tamén é relevante, o 43,9% do total. Na Industria a porcentaxe é moito menor, o 28,2%, tamén na Pesca e acuicultura co 17,9% do total e con menor intensidade na Construción co 7,4% do total.



### Poboación ocupada por sexo e sector económico

	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres s/ Total	% s/ Total Homes	% s/ Total Mulleres
Total	1.095.200	573.900	521.200	47,6	100,0	100,0
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	49.900	28.100	21.900	43,9	4,9	4,2
Pesca e acuicultura	16.800	13.800	3.000	17,9	2,4	0,6
Industria	179.400	128.800	50.600	28,2	22,4	9,7
Construción	70.100	64.900	5.200	7,4	11,3	1,0
Servizos	778.900	338.400	440.600	56,6	59,0	84,5

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2019 Poboación ocupada

O sector servizos en Galicia agrupa case as tres cuartas partes da ocupación (o 71,1% do total). O número de mulleres ocupadas nese sector supera ao dos homes en máis de 100.000 (102.200)

En Galicia o 84,5% das mulleres ocupadas concéntranse no sector Servizos. A súa presenza é moi baixa, un 9,7%, na Industria, do 4,2% na Agricultura, gandería, caza e silvicultura, e menor peso na Construción, o 1%, e na Pesca e acuicultura, o 0,6%.

En Galicia o 37,3% da ocupación no sector primario son mulleres, a segunda maior porcentaxe de todas as comunidades autónomas (tras Asturias). No sector primario temos que distinguir dúas ramas de actividade, por un lado Agricultura, gandería, caza e silvicultura que ten un forte peso feminino, o 43,9% do total de ocupación, 21.900 mulleres e 28.100 homes. E que representa o 4,2% do total de ocupación feminina. Polo lado da Pesca e acuicultura temos que o 17,9% son mulleres (o marisqueo), pero no total de mulleres representa o 0,6% do total de ocupación feminina.

No sector industrial hai en Galicia 179.400 persoas ocupadas. As mulleres representan o 28,2% da ocupación deste sector, apenas 50.600, e isto é moi negativo xa que este é o sector máis valorado e mellor retribuído. As mulleres representan a cuarta parte da ocupación no sector industrial, apenas 50.600 mulleres por case 128.800 homes. Pero hai que destacar que en toda España somos a Comunidade autónoma, tras Madrid e Cataluña con maior peso feminino no sector industrial (as conservas, a industria agroalimentaria, etc.)

No sector da Construción o emprego feminino é moi baixo, o 7,4% do total de poboación ocupada. Son 5.200 mulleres dun total de 70.100. Dentro do emprego feminino o sector da Construción dá emprego ao 1% do total.

**Hai unha maior propensión ao emprego por conta propia no caso dos homes cun 21,9% fronte ao 16,1% no caso das mulleres.**

### Distribución porcentual da ocupación por situación profesional. Galicia 2019

	Homes	Mulleres
Por conta propia	21,9%	16,1%
Por conta allea	78,1%	83,9%

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2019.

As mulleres seguen a ter maior peso no sector público que os homes e menor peso no sector privado.

Ocupación segundo sector público/privado. 2019

	Público	% s/total	Privado	% s/total
TOTAL	187.375	17,1%	907.775	82,9%
Homes	75.250	13,1%	498.650	86,9%
Mulleres	112.100	21,5%	409.150	78,5%
% Mulleres s/ total	59,8%		45,1%	

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2019.

No emprego público conséctase o maior peso da ocupación feminina fronte á masculina (59,8% e 40,2%, respectivamente) e pola contra no sector privado segue predominando o emprego masculino cun 54,9% fronte ao 45,1% do total no caso das mulleres.

Segue poñéndose de manifesto a segregación vertical, xa que só 33,2% dos postos de “Dirección e xerencia” son ocupados por mulleres (só o 2,2% das mulleres ocupadas atópanse nesta ocupación, fronte ao 4% no caso dos homes).

Poboación ocupada por sexo e ocupación principal (CNO-2011)

	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres s/ total	Diferenza	% Mulleres s/ total mulleres
Total	1.095.200	573.900	521.200	47,6	-52.700	100,0
0. Ocupacións militares	6.100	5.200	900	14,8	-4.300	0,2
1. Dirección e xerencia	34.600	23.100	11.500	33,2	-11.600	2,2
2. Persoal técnico e profesional científico e intelectual	187.600	80.000	107.700	57,4	27.700	20,7
3. Persoal técnico; profesional de apoio	119.200	76.100	43.100	36,2	-33.000	8,3
4. Persoal empregado contable, administrativo e outro persoal empregado de oficina	107.000	34.300	72.700	67,9	38.400	13,9
5. Servizos de restauración, persoais, protección e vendedores/as	243.600	82.800	160.800	66,0	78.000	30,9
6. Persoal cualificado no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	53.600	31.500	22.100	41,2	-9.400	4,2
7. Persoal cualificado das industrias manufactureiras e a construción (salvo operadores/as de instalacións e maquinaria)	145.300	128.600	16.700	11,5	-111.900	3,2
8. Persoal Operador de instalacións e maquinaria, e montadores/as	89.800	74.900	14.900	16,6	-60.000	2,9

9 Ocupacións elementais*	108.300	37.400	70.900	65,5	33.500	13,6
--------------------------	---------	--------	--------	------	--------	------

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA. I.G.E.- Instituto Galego de Estatística. 2019

(\*) 9 Ocupacións elementais (91 Empregados/as domésticos/as; 92 Outro persoal de limpeza; 93 Axudantes de preparación de alimentos; 94 Recolletores de residuos urbanos, vendedores na rúa e outras ocupacións elementais en servizos; 95 Peóns e peonas agrarias, forestais e da pesca; 96 Peóns e peonas da construción e da minaría; 97 Peóns e peonas das industrias manufactureiras; 98 Peóns e peonas do transporte, descargadores/as e repositores/as.

Dos 10 grupos ocupacionais da [CNO-2011](#) (Clasificación Nacional de Ocupacións) a muller tan só ten unha presenza maioritaria en catro deles, con porcentaxes próximas ao 60%. Do total de mulleres ocupadas o 30,9% están na ocupación 5 – Servizos de restauración, persoais, protección e vendedores, representan o 66% do total desta ocupación, 160.800 mulleres fronte a 82.800 homes. Na ocupación 4 – Persoal Empregado contable, administrativo e outro persoal empregado de oficina temos 72.700 mulleres ocupadas e 34.300 homes, representan o 67,9% do total. Na -Ocupacións elementais \* hai 70.900 mulleres e 37.400 homes, é dicir, as mulleres son o 65,5% do total e na ocupación feminina representa o 13,6%. Por último, na ocupación 2 – Persoal Técnico e profesional científico e intelectual son 107.700 mulleres e 80.000 homes, as mulleres son o 57,4% do total.

Nas restantes seis ocupacións son maioría os homes, indo dende o 41,2% no grupo 6 –Persoal cualificado no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, o 36,2% 3 – Persoal técnico; profesional de apoio, o 36,2% na ocupación 1 – Dirección e xerencia, 11.500 mulleres e 23.100 homes e na 8 – Persoal Operador de instalacións e maquinaria, e persoal montador, onde o peso da ocupación feminina é do 16,6%.

A presenza das mulleres é moi reducida na ocupación 7 – Artesás e Artesáns e persoal traballador cualificado das industrias manufactureiras e a construción (salvo persoal operador de instalacións e maquinaria) con 16.700 mulleres fronte a 128.600 homes, tan só o 11,5% do total e nas 0- Ocupacións militares, 900 mulleres e 5.200 homes, o 14,8% do total.

Estes datos poñen de manifesto a segregación ocupacional do mercado laboral galego.

Tan só o 2,2% da poboación ocupada feminina (o 4% nos homes) está en postos de 1-Dirección e Xerencia, polo que se constata que o chamado “teito de cristal” segue estando moi presente para as mulleres na súa participación no mercado de traballo.

As mulleres tan só representan o 17,3% nos órganos de dirección das empresas do IBEX 35 (fronte a 82,7% homes)

#### Órganos de dirección das empresas do Ibex 35

		2019	2018	2017	2014	2013	2012
% Mulleres	TOTAL	17,3	20,00	18,37	13,58	12,44	10,99
	CEO	2,9	2,90	2,90	3,00	3,00	2,90
	Postos executivos	16,2	14,70	13,20	10,00	9,10	5,70
	Postos non executivos	27,8	27,70	25,60	18,4	16,9	13,9
Ambos Sexos	TOTAL	568	820	822	832	836	619
	CEO	34	34	34	33	33	34
	Postos executivos	444	421	417	419	419	174
	Postos non executivos	90	365	371	380	384	411
M	TOTAL	98	164	151	113	104	68

Mulleres	CEO	1	1	1	1	1	1
	Postos executivos	72	62	55	42	38	10
	Postos non executivos	25	101	95	70	65	57
Homens	TOTAL	<b>470</b>	<b>656</b>	<b>671</b>	<b>719</b>	<b>732</b>	<b>551</b>
	CEO	33	33	33	32	32	33
	Postos executivos	372	359	362	377	381	164
	Postos non executivos	65	264	276	310	319	354


Fonte: Instituto Europeo para a Igualdade de género (EIGE). Táboa actualizada a data 30 de xaneiro de 2020, datos dos 2º semestres. Fonte: Instituto de la Mujer.

Se atendemos á participación das mulleres nos órganos de dirección das empresas do IBEX 35, formado polas empresas con maior liquidez que cotizan neste sistema en España, podemos observar como se segue a constatar a mínima presenza feminina nos postos de responsabilidade, xa que só representan o 17,33% do total de postos de dirección (diminuindo en 2,7 puntos respecto ao ano anterior), outro indicador das grandes diferenzas existentes entre homes e mulleres no mercado laboral. En termos absolutos comprobamos un total de 98 mulleres fronte a 470 homes.

## FORMACIÓN E OCUPACIÓN

A igual formación, os homes acadan maiores taxas de ocupación que as mulleres en todos os niveis formativos, salvo no caso de Educación superior.

Taxa de ocupación por nivel de formación alcanzado e sexo (CNED-2014). 2019.



Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2019.

A igual formación alcanzada, os homes teñen maiores taxas de ocupación que as mulleres, en todos os niveis formativos, salvo no de Educación superior. Compróbase que a maior nivel educativo maior empregabilidade no mercado laboral. A formación é a principal ferramenta para lograr a inclusión da muller no mercado laboral.

Segundo a poboación ocupada por nivel de formación alcanzado obsérvase maior número de mulleres con Estudos superiores que homes, 256.600 e 222.000, respectivamente. No resto de niveis formativos o número de homes é

superior ao de mulleres.

	Homes	Mulleres
Total	573.900	521.200
Analfabetismo	400	200
Estudos primarios	17.200	13.700
Educación secundaria. Primeira etapa	195.300	131.600
Educación secundaria. Segunda etapa	139.000	119.100
Educación superior	222.000	256.600

Fonte: EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

## A INESTABILIDADE LABORAL DIFICULTA O MANTEMENTO DO EMPREGO NAS MULLERES

A taxa de temporalidade das mulleres é do 27,8%, fronte ao 25,1% no caso dos homes

Poboación asalariada segundo o tipo de contrato e sexo. Galicia

	Total			Contrato temporal			Taxa de temporalidade		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2012	810.100	417.000	393.200	185.700	85.400	100.300	22,9	20,5	25,5
2013	775.300	392.600	382.700	176.700	84.400	92.300	22,8	21,5	24,1
2014	779.500	391.600	387.900	182.900	90.800	92.100	23,5	23,2	23,7
2015	800.200	406.000	394.300	203.500	97.900	105.600	25,4	24,1	26,8
2016	817.900	416.600	401.300	214.400	101.200	113.200	26,2	24,3	28,2
2017	827.300	418.500	408.800	223.300	105.800	117.500	27,0	25,3	28,7
2018	862.400	435.900	426.500	229.000	111.600	117.400	26,6	25,6	27,5
2019	878.300	444.900	433.400	232.500	111.800	120.700	26,5	25,1	27,8

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2019.

Das 878.300 persoas asalariadas no ano 2019, 232.500, o 26,5% teñen contratos temporais. No caso das mulleres a porcentaxe achégase a 27,8%, sendo menor a taxa no caso masculino, o 25,1%. De toda a poboación asalariada con contrato temporal o 51,9% son mulleres.

Na modalidade de contratación temporal para cubrir a ausencia total ou parcial doutro traballador/a a maioría son mulleres, 28.300 de 37.200 (o 76,1%)

### Poboación asariada por sexo e tipo de contrato ou relación laboral.

	Total	Homes	Mulleres
Total	<b>878.300</b>	<b>444.900</b>	<b>433.400</b>
De duración indefinida: permanente ao longo do tempo	636.600	330.400	306.100
De duración indefinida: descontinuo	9.200	2.600	6.600
Temporal: Non sabe	21.900	11.800	10.100
Temporal: Por circunstancias da produción	34.100	15.900	18.100
Temporal: De aprendizaxe, formación ou práctica	11.700	6.700	5.000
Temporal: Estacional ou de temporada	9.900	5.200	4.600
Temporal: Cobre un período de proba	1.600	900	700
Temporal: Cobre a ausencia total ou parcial doutro/a traballador/a	37.200	9.000	28.300
Temporal: Para obra ou servizo determinado	106.200	59.200	47.000
Temporal: Verbal non incluído nas opcións anteriores	4.900	1.500	3.400
Temporal: Outro tipo	5.000	1.500	3.500


Fonte EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

### Hai brecha de xénero na poboación ocupada con contratación indefinida.

As mulleres asariadas con contrato indefinido son o 48,4% do total de poboación asariada con este tipo de contrato (ben sexa permanente ao longo do tempo ou descontinuo). Chama a atención que na poboación asariada con contrato de Duración indefinida: descontinuo, a diferenza por xénero é manifesta, 6.600 mulleres e 2.600 homes. Isto implica menores salarios ao ano, só cobrar neses períodos e consumir paro no seu caso.

O emprego a tempo parcial segue sendo para as mulleres. A porcentaxe de mulleres ocupadas neste tipo de contratación é do 75,2%, fonte ao 24,8% de homes.

Poboación ocupada por tipo de xornada. Galicia. Ano 2019. EPA.



Os homes ocupados con xornada completa son 535.300 fronte a 404.200 mulleres. A diferenza é que hai 131.100 homes máis que mulleres que teñen un contrato a tempo completo. En cambio, cando falamos de tempo parcial hai 117.000 mulleres fronte a 38.600 homes. Hai 78.400 mulleres máis que homes con xornada a tempo parcial. No emprego a tempo parcial a porcentaxe de mulleres ocupadas acadou o 75,2% fronte ao 24,8% de homes.

No caso da ocupación feminina, o 22,4% é a tempo parcial, moito menor no caso masculino, o 6,7%. A brecha de xénero na ocupación a tempo parcial é de 15,7 puntos.

#### Distribución porcentual poboación ocupada por tipo de xornada e sexo

	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Completa	Parcial	Total	Completa	Parcial	Total	Completa	Parcial
	1.095.200	939.500	155.600	573.900	535.300	38.600	521.200	404.200	117.000
% s/ Total cada sexo	100,0	85,8	14,2	100,0	93,3	6,7	100,0	77,6	22,4
% s/ Total ambos sexos	100,0	100,0	100,0	52,4	57,0	24,8	47,6	43,0	75,2

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2019

## DESEMPREGO

No desemprego constátase as difíciles situacións que na última década a poboación traballadora viviu, pero para a muller foi especialmente gravoso. No ano 2019 houbo 76.800 mulleres paradas fronte a 69.100 homes. Hai, polo tanto, 7.700 mulleres máis en situación de paro. A taxa de paro para ambos sexos foi do 11,8%, pero continúa sendo máis alta nas mulleres que nos homes, 12,8% e 10,7%, respectivamente. A brecha entre mulleres e homes é dous puntos e unha décima de diferencial entre taxas de paro.

#### Taxa de paro 2019

Total	Homes	Mulleres
11,8	10,7	12,8

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

A crise ocultou, ao afectar a sectores masculinizados a eterna situación de desvantaxe en canto ao desemprego das mulleres.

A taxa de paro no ano 2013, ano a partir do cal comezou a recuperación da economía, pasou no caso dos homes de 22,3% a 10,7% en 2019 e no caso das mulleres de 21,7% a 12,8%, é dicir, mentres que a masculina diminúe 11,6 puntos a das mulleres moito menos, 8,9 puntos. A recuperación económica non beneficia de igual modo a homes e mulleres.


Se analizamos a evolución da brecha de xénero nas taxas de paro dende ano 2013, como ano considerado a partir do cal comeza a recuperación económica, as diferenzas aumentan ano tras ano, ao haber un diferencial no ano 2013 de 0,6 puntos a favor das mulleres ate chegar a unha taxa de paro no ano 2019 de dous puntos e unha décima superior nas mulleres que nos homes.

### Taxa de paro

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2020
Homes	20,8	22,3	21,6	18,7	16,5	15,0	12,4	10,7
Mulleres	20,2	21,7	21,7	20,0	17,8	16,4	14,4	12,8
Brecha desemprego	-0,6	-0,6	0,1	1,3	1,3	1,4	2,0	2,1

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2019.

### Evolución da brecha de xénero nas taxas de paro



Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2019.

Esta evolución o que pon de manifesto é que as mulleres teñen maiores dificultades para acceder ao emprego, e que sempre que hai unha recuperación da actividade económica as mulleres non atopan un mercado laboral inclusivo.

### O paro de longa duración afecta en maior medida ás mulleres

	Homes	Mulleres
Total	69.100	76.800
Menos de 1 mes	5.100	4.900
De 1 a < 3 meses	9.600	10.600
De 3 a < 6 meses	8.500	8.000
De 6 meses a < 1 ano	8.800	9.500
De 1 ano a < 1 ano e medio	5.300	6.000



De 1 ano e medio a < 2 anos	3.800	4.800
Dous ou mais anos	20.800	24.800
Xa atopou traballo	7.100	8.400

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

As mulleres representan o 54,4% das persoas desempregadas que levan en procura de emprego máis de 1 ano. O maior número de desempregadas atópase naquelas que levan dous ou máis anos, desemprego de moi longa duración, 24.800 mulleres.

Confírmase que de non conseguir saír do desemprego nos primeiros meses cronifícase a situación converténdose nun paro de moi longa duración (máis de dous anos).

### A brecha na taxa de cobertura de desemprego é de 10 puntos

	Persoas beneficiarias de prestacións por desemprego	Persoas desempregadas con dereito a cobertura	Taxa de cobertura
TOTAL	149.312	88.181	59,1
Homes	64.031	41.458	64,7
Mulleres	85.281	46.723	54,8

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir do SEPE datos 2019

### Persoas beneficiarias de prestacións por desemprego. Media anual

	Total	Prestación Contributiva	Subsidio por Desemprego	Renda Activa de inserción	Programa Activación para o Emprego	Taxa de cobertura
TOTAL	88.181	40.460	40.713	7.004	5	59,1
Homes	41.458	18.872	19.472	3.114	1	64,8
Mulleres	46.723	21.588	21.241	3.890	4	54,8

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir do SEPE datos 2019

No ano 2019 (media anual) hai maior número de mulleres desempregadas que perciben prestación por desemprego que homes, 46.723 mulleres e 41.458 homes. Pero as Taxas de cobertura (a relación entre persoas beneficiarias de prestación e persoas desempregadas excluindo as de Sen emprego anterior) son moito máis baixas para as mulleres no ano 2019. Así, a taxa de cobertura total foi do 59,1%, para os homes o 64,7% e para as mulleres o 54,8%. Unha brecha na taxa de cobertura de desemprego de 10 puntos.

## CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

Das persoas que teñen un contrato a tempo parcial por ter que Coidar de menores ou de persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, ou por ter que atender Outras responsabilidades familiares, o 93,5% son mulleres.

### Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial e sexo 2019

	Homes	%s/ homes	Mulleres	%s/ mulleres	% Mulleres
Total	38.600	100,0	117.000	100,0	75,2
Seguir cursos de ensinanza ou formación	3.900	10,1	5.400	4,6	58,1
Enfermidade ou incapacidade propia	700	1,8	1.800	1,5	69,2
Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	1.000	2,6	20.600	17,6	95,4
Outras obrigacións familiares ou persoais	1.000	2,6	6.900	5,9	88,5
Non poder atopar un traballo de xornada completa	23.100	59,8	61.000	52,1	72,5
Non querer un traballo de xornada completa	2.800	7,3	11.600	9,9	80,6
Outras razóns	5.900	15,3	9.300	7,9	61,2
Non sabe o motivo	200	0,5	300	0,3	50,0

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA-IGE datos 2019

Se atendemos ás razóns polas que as persoas responden que din que teñen un contrato a tempo parcial en lugar dun a tempo completo, séguese a constatar como a que segue a atender as responsabilidades familiares, con moita diferenza, é a muller.

Das persoas que teñen un contrato a tempo parcial por “Coidado de nenos e nenas, ou persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores”, un 95,4% son mulleres. Das que responden á atención a “Outras obrigacións familiares ou persoais”, o 88,5% son mulleres. Isto pon de manifesto que é moi limitado o reparto destas tarefas.

Significativo é que maioritariamente nas mulleres prevalece o motivo de “Non poder atopar un traballo de xornada completa”, o que amosa as dificultades ás que se enfrontan. Neste motivo hai 61.000 mulleres, o 72,5% de ambos sexos e o 52,1% das mulleres.

**As reducións de xornada por coidado legal seguen a ser solicitadas en moita maior medida polas mulleres (76,4% do total)**

#### Reducións de xornada Galicia. 2017

	Número	Porcentaxe	Incidencia
Homes	9.320	23,6	5,1%
Mulleres	30.150	76,4	14,9%

Fonte: Enquisa Estructural a fogares- IGE

No ano 2017, último dato dispoñible da Enquisa estrutural a fogares do IGE, 39.470 traballadores e traballadoras galegas con menores de 0 a 12 anos reduciron a súa xornada de traballo para o seu coidado. Segundo o sexo, as solicitudes foron maioritariamente femininas, o 76,4% do total.

**As excedencias por coidado familiar seguen a ser solicitadas no 88,14% dos casos polas mulleres**

### Excedencias por coidado familiar dadas de alta. Galicia

	Total	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres
2012	657	52	7,91	605	92,08
2013	665	54	8,12	611	91,88
2014	699	69	9,87	630	90,13
2015	846	95	11,2	751	88,8
2016	1.104	120	10,9	984	89,1
2017	1.210	132	10,9	1.078	89,1
2018	1.372	181	13,2	1.191	86,8
2019	1.509	179	11,9	1.330	88,1

FONTE: MEYSS. Seguridade Social.

Aínda que se incrementa paulatinamente a solicitude de excedencias por coidado familiar tanto no caso feminino como no caso masculino, con maior intensidade en termos relativos nestes últimos, moi lonxe estase de conseguir a igualdade neste ámbito, xa que mentres no ano 2019 as mulleres solicitaron 1.330 excedencias por este motivo, os homes solicitaron moitas menos, 179 .

## RESUMO E CONCLUSIÓNS

Os datos da EPA 2019 non reflicten unha mellora da situación das mulleres no mercado laboral, a pesar do contexto de recuperación económica, as brechas de xénero continúan ampliándose.

A taxa de actividade feminina sitúase a 8,5 puntos por debaixo da masculina. Ademais, as mulleres galega estamos 4,2 puntos por debaixo da taxa de actividade feminina da media estatal. Destaca o forte número de mulleres dentro de persoas inactivas por Labores de fogar. 169.700 mulleres adícanse a coidar do fogar e da familiar sen ningún tipo de remuneración. 32.500 mulleres fronte a apenas 4.200 homes non buscan emprego por dedicarse ao Coidado de menores ou persoas maiores enfermas e 48.200 mulleres e tan só 5.300 homes por Ter outras responsabilidades familiares.

Hai 573.900 homes (taxa de emprego masculino de 51,4%) fronte a 521.200 mulleres ocupadas (taxa de emprego feminino do 42,8%) o que supón 52.700 mulleres ocupadas menos que homes. A brecha de xénero na ocupación é de 8,6 puntos.

A segregación no mercado de traballo é outra das constantes do emprego das mulleres. O 84,5% das mulleres ocupadas traballa no sector Servizos. Só un 9,7% na Industria, 4,2% na Agricultura, gandería, caza e silvicultura, 1% na Construción e 0,6% na Pesca e Acuicultura.

Tendo en conta a poboación ocupada por sexo e ocupación principal, obsérvase como en Galicia hai 23.100 homes en postos de dirección e xerencia, fronte a 11.500 mulleres, e nos órganos de dirección das empresas do IBEX35 as mulleres tan só representan o 17,3% dos postos existentes (98 mulleres fronte a 470 homes).

A temporalidade e o menor número de mulleres con contratos indefinidos indican a precariedade das mulleres e a dificultade que teñen para manter o emprego. As mulleres son o 76,1% da poboación ocupada con contrato temporal que se fai para cubrir a ausencia total o u parcial do traballadores ou traballadora. Nos contratos indefinidos descontínuos, aqueles que se desenvolven en determinados períodos ao ano, e por tanto cobran o seu salario só nesas períodos que traballan, hai 6.600 mulleres fronte a 2.600 homes.

As mulleres seguen sendo un ano máis as que de forma maioritaria ocupan os empregos a tempo parcial. 117.000 mulleres (o 75,2% do total) fronte a 38.600 homes (o 24,8%) están ocupadas a tempo parcial. Na ocupación a tempo completo a situación invértese, os homes ocupados a tempo completo son 535.300 (o 57% do total) fronte a 404.200 mulleres (o 43%), existindo unha diferenza de 131.100 mulleres ocupadas con xornada a tempo completo menos.

A taxa de paro feminino é de 12,8% fronte a 10,7 % de taxa de paro masculino. Ademais a brecha de xénero medra nos últimos anos, situándose a diferenza en 2,1 puntos. Por tramos de permanencia no paro destaca que o 54,4% das persoas desempregadas de moi longa duración (2 anos ou máis) son mulleres.

Segundo o SEPE, hai 46.723 mulleres que perciben algunha prestación por desemprego, máis que o homes, pero cunha taxa de cobertura de desemprego 10 puntos inferior.

A falta de voluntariedade caracteriza o emprego a tempo parcial. O 52,1% no caso das mulleres e 59,8% no caso dos homes que traballan a tempo parcial declaran non facelo por no atopar emprego a tempo completo. Cando o motivo de traballar a tempo parcial é pola atención de responsabilidades e coidado de menores, persoas con discapacidade ou maiores, un 93,5% que o fan son mulleres fronte ao 6,5% dos homes.

As excedencias por coidado de familiar son solicitadas maioritariamente por mulleres, o 88,1%, e as reducións de xornada por coidado legal nun 76,4% dos casos.

Polo tanto, das cifras do mercado laboral do ano 2019 despréndese que a situación laboral das mulleres non mellora ca recuperación económica e as brechas de xénero no emprego ou perpetúanse ou se incrementan.